

EXPEDIENTE 1627/2023

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

Sendo as 10:25 horas do día 14 de maio de 2024, nas dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda, reúnese o Tribunal cualificador para a celebración do terceiro exercicio da oposición, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

SECRETARIA:

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

VOGAIS:

Titular.- Verónica Chaves González (Arquitecta Técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María Elena Pérez Alonso (Xefa da Sección de Conservación e Explotación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

Sendo as 10:28 horas do día 14 de maio de 2024, procédese ao chamamento das persoas aspirantes e a súa identificación.

Unha vez situadas as persoas aspirantes na sala onde se desenvolverá o terceiro exercicio da oposición –dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda– procédéselles a explicar os criterios de desenvolvemento do exame consonte o establecido nas Bases reguladoras do proceso selectivo, publicadas no BOPPO de data 10 de novembro de 2023.

O exercicio consistirá na resolución por escrito de tres supostos prácticos relacionados co temario recollido nas Bases específicas e co labor funcional da praza.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo alcanzar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos.

Os supostos prácticos terán a seguinte valoración:

- Suposto práctico 1: 7 Puntos
- Suposto práctico 2: 7 Puntos
- Suposto práctico 3: 6 Puntos



Cada un deles valorarase segundo a distribución que se fixou pormenorizadamente na Folla de exame.

Igualmente infórmaselles da duración máxima da proba (180 minutos).

Se inicia o exame ás 10:30 horas, concluíndo ás 13:30.

Non se producen incidencias na realización da proba.

Sendo as 13:30 levántase a sesión da que se estende a presente acta.

E para que conste aos efectos oportunos esténdese a presente acta no lugar e data que figuran na sinatura electrónica.

Documento asinado dixitalmente

Presidente, Leopoldo Moure Dopico

Secretaria, Carmen Miranda Posse

Vogais, Verónica Chaves González, María Elena Pérez Alonso, Juan Carlos Peteiro Rodríguez

